B1-5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<p>B1-5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>B1-5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>B1-5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>B1-5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva na escoita.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Pide e respecta a quenda de palabra. • Participa con interese nas actividades orais propostas sobre a familia • Utiliza unha linguaxe non discriminatoria. • Axusta as súas intervencións ao tema utilizando vocabulario axeitado. 	CL AA
B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas	B1-8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e a entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica o son O aberto en palabras escoitadas. • Utiliza o ton de voz axeitado e unha pronuncia correcta nas intervencións. 	CL

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	B2-2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> Le e interpreta o contido do texto en viñetas <i>Os ratos do sultán</i> co soporte das imaxes e a audición do texto. Capta o significado das ilustracións que acompañan os textos. 	CL
B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<p>B2-3.1. Descodifica de forma adecuada na lectura de textos moi sinxelos.</p> <p>B2-3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente velocidade axeitada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Le con entoación e ritmo correctos o texto <i>Os ratos do sultán</i>; o texto dialogado <i>O dono do sofá</i> e outros breves textos da unidade. Ordena a secuencia de personaxes que van participando na historia. Identifica o lugar e personaxes do conto. Le as palabras e oracións formadas polas letras <i>f, h, r e rr</i>; e co dígrafo <i>nh</i>. Le, en silencio e en voz alta palabras, frases, oracións e textos formados polas letras coñecidas Localiza nos textos <i>Os ratos do sultán</i> e <i>O dono do sofá</i> información específica que dá resposta a preguntas formuladas. 	CL AA CMCT
B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	B2-6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese por recitar trabalinguas. Valora a historia presentada no conto <i>Os ratos do sultán</i>. 	CL CSC
B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	B2-7.2. Expressa de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a ironía presente no título e no contido do texto dialogado <i>O dono do sofá</i>. Opina sobre a historia que relatada no conto. 	CL CSC

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p>	<p>B3-1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos as situacións cotiás infantís, como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.</p> <p>B3-1.3. Usa o punto nos seus escritos.</p> <p>B3-1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p> <p>B3-1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe de maneira guiada con intención comunicativa unha listaxe de tarefas. • Marca o punto ao final das oracións. • Escribe maiúscula inicial e nos nomes propios. • Completa con <i>r</i> ou <i>rr</i> palabras atendendo á posición do son R forte inicial ou medial. • Escribe ditados preparados que conteñen palabras coñecidas e teñen algunha dificultade ortográfica. • Determina o texto que se axeita a cada imaxe e escribe os pés de foto nas fotos dun álbum familiar. 	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p>
<p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>B3-6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</p> <p>B3-6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Enlaza correctamente as letras. • Adecúase ao espazo de que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras. • Presenta o seus traballos con limpeza, claridade e orde. 	

BLOQUE 4. COÑECEMENTODALINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<p>B4-1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas.</p> <p>B4-1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p> <p>B4-1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e distingue, polo uso, palabras de diferentes tipo: artigos e substantivos. • Recoñece e distingue, polo uso, substantivos en singular e en plural. • Relaciona singular cunha unidade e plural con máis dunha unidade. • Localiza nomes propios na oración. • Aplica a concordancia entre artigos e os substantivos nas diferentes situacións comunicativas. 	CL AA
B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	B4-2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega a grafía <i>rou</i> o dígrafo <i>rr</i> para representar o son R forte segundo a posición do son na palabra. 	CL
B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	<p>B4-3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>B4-3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica palabras que conteñen un son dado. • Localiza e sinala diferenzas formais entre palabras a partir da posición e a presenza das grafías. • Completa enunciados con palabras axeitadas ao contexto. 	CL
B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	B4-3.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica o son do O aberto nas palabras escoitadas no CD e recoñece esta característica como un trazo característico da lingua galega. 	CL CSC

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B5-2. Ler de forma guiada textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<p>B5-2.1. Le de forma guiada textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</p> <p>B5-2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le os diálogos das viñetas do conto <i>Os ratos do sultán</i> con expresividade e dramatización axeitadas. • Le o texto dialogado <i>O dono do sofá</i> co ritmo e coa entoación apropiada. 	CL
B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal	B5-4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos narrativos, dialogados, e trabalinguas e recoñece as características deste cada tipo de texto. 	CL CSC
B5-5. Aposar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	B5-5.1. Aposar curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	<ul style="list-style-type: none"> • Opina sobre o comportamento dos personaxes no conto. • Identifica trazos culturais diferenciadores no conto <i>Os ratos do sultán</i>. 	CL CCEC

UNIDADE 3. Mercado no barrio

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOSCURRICULARES DO CURSO	CONTIDOSDAUNIDADE	
<p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. • Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. • Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). • Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. • Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Conversa sobre as panadarías e as cousas que se poden comprar neste establecemento. • Ampliación do vocabulario sobre a panadaría. • Escoita atenta para identificar a persoa do escenario da que se fala. • Solicitude educada dun produto a independente da panadaría. • Resposta a preguntas sobre as situacións da lámina. • Recoñecemento de datos de comprensión literal dun texto oral. • Identificación de palabras co sonE aberto nunha audición. • Respecto e valoración dos outros, das súas opinións e dos seus gustos. • Valoración da alimentación sa equilibrada. 	<p>B1-2.Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.</p> <p>B1-4.Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.</p> <p>B1-5.Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1-6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas cos intercambios comunicativos máis habituais.</p> <p>B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación da información das ilustracións. • Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. • Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. • Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva do texto en viñetas <i>A pita Lina</i>. • Audición a partir do texto en imaxes <i>A pita Lina</i>. • Lectura, en silencio e en voz alta, de palabras e expresións sinxelas formadas polas letras coñecidas no texto. • Comprensión das ilustracións que acompañan o texto. • Relación dos personaxes que participan na historia. • Identificación de detalles e da secuencia da historia. • Valoración do comportamento dos personaxes na historia e do significado das ilustracións que o acompañan. • Ampliación de vocabulario polo contexto da lectura. • Lectura expresiva do texto rimado <i>O paraugas do pirata</i>. • Lectura expresiva de textos breves poñendo atención á pronuncia, o ritmo e a entoación. 	<p>B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p> <p>B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p> <p>B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOSCURRICULARES DO CURSO	CONTIDOSDAUNIDADE	
<p>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. • Respecto polas convencións xerais da escrita: uso de maiúsculas e punto. • Utilización de maneira guiada de estratexias para a produción de textos respondendo as preguntas de para quen e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). • Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. • Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • As letras <i>c, qu, r e g</i>. • Exercicio da caligrafía: <i>c, q, r e g</i>. • Copia e escritura de sílabas e palabras coas letras <i>c, qu, r e g</i>. • Ortografía natural: palabras <i>conca, que, qui, co, cu e conga, go, gu, gue, gui</i>. • Ditados coas palabras coñecidas que conteñen as letras <i>g/gu, r (son suave) ec/qu</i>, respectando a separación entre palabras e realizando correctamente os enlaces entre as letras. • Previsión da extensión das palabras para adecuarse á pauta. • Construción de oracións completando coa palabra axeitada ao contexto. • Escritura de oracións nunha nota de pedido. • Escritura libre da comida favorita. • Redacción dunha nota de encargo para unha panadaría. • Presentación de traballos con limpeza, claridade e orde. 	<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p> <p>B3-2. Utilizar de forma guiada estratexias para a produción de textos.</p> <p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Inicio na identificación implícita e uso de algúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba e nome propio. • Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. • Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. • Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. • Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os substantivos comúns. • Clasificación de substantivos segundo o que nomean (persoas, animais ou cousas). • Distinción do son vocálico E aberto e do E pechado. • Asociación de grafema/fonema. • Ortografía natural dos sons K, G e R suave. • Diferenzas na correspondencia grafema/fonema (r suave e forte). • Realización de ditados con palabras que conteñen as letras <i>c</i>, <i>qu</i>, <i>g</i> e <i>r</i>. • Ordenación de palabras para formar oracións simples. • Realización de xogos de palabras. • Fixación de léxico correcto en galego con palabras usuais nas que se adoitan producir interferencias lingüísticas. 	<p>B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p>B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p> <p>B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p> <p>B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>
<p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. • Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura da adaptación dun conto clásico. • Recoñecemento das características do conto. • Lectura expresiva de textos rimados poñendo atención ao ritmo, á dramatización e á entoación. 	<p>B5-2. Ler de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal.</p>

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	B1-2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	<ul style="list-style-type: none"> • Responde correctamente as preguntas de comprensión literal sobre un texto oral e identifica quen realiza a acción mencionada. • Recoñece datos non explícitos e relaciona o argumento dos textos escoitados coas propias experiencias. 	CL AA
B1-4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.	B1-4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita activamente as intervencións dos interlocutores. 	CL CSC IE
B1-5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<p>B1-5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>B1-5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>B1-5.1. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas opinións e os seus gustos sobre os produtos da panadaría respectando os compañeiros. • Pide e respecta a quenda de palabra. • Participa con interese nas actividades orais propostas sobre a panadaría. • Axusta as súas intervencións ao tema utilizando vocabulario axeitado. 	CL AA
B1-6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas cos intercambios comunicativos máis habituais.	B1-6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	<ul style="list-style-type: none"> • Representa a situación de petición dun produto nunha panadaría utilizando fórmulas de cortesía axeitadas. 	CL CSC
B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas	B1-8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o ton de voz axeitado e unha pronuncia correcta nas súas intervencións. 	CL

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	B2-2.1. Interpreta e comprende de maneira xeral, a información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> Le e interpreta o texto en viñetas <i>A pita Lina</i>, coa axuda das imaxes e da audición. Capta o significado das ilustracións que acompañan os textos. 	CL
B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<p>B2-3.1. Descodifica de forma adecuada na lectura de textos moi sinxelos.</p> <p>B2-3.2. Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Le con entoación e ritmo correctos o texto dialogado <i>A pita Lina</i> e o texto rimado <i>O paraugas do pirata</i>. Localiza no poema <i>O paraugas do pirata</i> información que dá resposta a preguntas formuladas. Ordena a secuencia do traballo realizado pola protagonista do conto. Le en silencio e en voz alta palabras, oracións e textos que conteñen as letras <i>g, r</i> (son suave e forte), <i>c</i> e os dígrafos <i>gu</i> e <i>qu</i>. Capta o sentido global dun texto lido e amplía o vocabulario deducindo o significado do contexto da lectura. 	CL AA
B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	B2-6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese pola lectura de contos e textos poéticos. 	CL CEC
B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	B2-7.2. Expressa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	<ul style="list-style-type: none"> Valora a historia presentada no conto <i>A pita Lina</i> e opina sobre o comportamento dos personaxes. 	CL CSC

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p>	<p>B3-1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.</p> <p>B3-1.3. Usa o punto nos seus escritos.</p> <p>B3-1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe de maneira guiada con intención comunicativa unha nota. • Lémbrese de marcar o punto ao final das oracións. • Escribe maiúscula inicial no comezo de oracións e nos nomes propios seguindo os modelos que atopa. • Completa con <i>c/qu</i> ou <i>g/gu</i> palabras segundo o contexto silábico. • Escribe ditados preparados previamente que conteñen palabras coñecidas e que presenten algunha dificultade ortográfica. 	<p>CL</p> <p>AA</p>
<p>B3-2. Utilizar de forma guiada estratexias para a produción de textos.</p>	<p>B3-2.1. Utiliza de forma guiada estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe de maneira individual con intención comunicativa unha nota de encargo collendo o contido e distribuíndo a información. 	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p>
<p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>B3-6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade tipográfica.</p> <p>B3-6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Enlaza correctamente as letras. • Mostra interese na revisión e corrección de textos e corrixe os erros detectados. • Adecúase ao espazo de que dispón na pauta para escribir e respecta separación entre palabras. • Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde. 	<p>CL</p>

BLOQUE 4. COÑECEMENTODALINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<p>B4-1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas.</p> <p>B4-1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Clasifica os substantivos comúns segundo nomeen persoas, animais ou cousas. • Localiza substantivos que nomean persoas entre outro tipo de substantivos. 	CL AA
B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	B4-2.1. Coñece de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia ao seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza <i>g</i> ou <i>gu</i> segundo o contexto silábico. • Utiliza <i>c</i> ou <i>qu</i> segundo o contexto silábico. • Completa palabras coas grafías correspondentes ao son R suave e forte. 	CL
B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	<p>B4-3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>B 4-3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e distingue, polo uso, as diferenzas de pronuncia entre palabras que se escriben con <i>r</i>. • Coñece o emprego das formas <i>c</i> e <i>qu</i> para representar o son K. • Completa palabras coas sílabas <i>ga, gue, gui, go, gu</i> e con <i>ca, que, qui, co, cu</i>. • Completa oracións cos termos axeitados ao contexto. 	CL AA
B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	B4-3.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	<ul style="list-style-type: none"> • Establece paralelismo na representación do son K e do son G entre o galego e o castelán. • Distingue a vogal E aberta da E pechada das palabras escoitadas na audición e é capaz de reproducilas e empregalas en contextos oracionais. 	CL CSC

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B5-2. Ler de forma guiada textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p>	<p>B5-2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</p> <p>B5-2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le os diálogos das viñetas do conto <i>A pita Lita</i> con expresividade e dramatización axeitadas. • Le o texto <i>O paraugas do pirata</i> co ritmo e coa entoación apropiada. 	<p>CL</p>
<p>B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal</p>	<p>B5-4.1. Valora a literatura en calquera lingua, coo vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos dialogados e poéticos e identifica as características deste tipo de textos. • Identifica o xogo de palabras que forma o nome dun personaxe. • Expresa a súa opinión sobre os textos lidos e as historias que presentan. 	<p>CL CEC</p>

UNIDADE 4. Imos ao aeroporto

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. • Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. • Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). • Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. • Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. • Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e en conversas con persoas coñecidas e descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambio de experiencias persoais sobre a viaxe en autobús e comparación con outros medios de transporte. • Conversa sobre os seus coñecementos sobre o autobús e as súas experiencias persoais sobre as viaxes neste medio. • Ampliación do vocabulario do autobús e outros medios en xeral. • Resposta a preguntas sobre as situacións da lámina. • Escoita atenta dunha conversa oral sobre unha situación de comunicación na parada do autobús. • Recoñecemento de datos de comprensión literal do texto oral. • Interese expresar preferencias sobre os medios de transporte. • Identificación nunha audición de palabras que conteñen o son R forte. • Respecto e valoración dos outros, das súas opinións e dos seus gustos. • Argumentación para xustificar por que hai que respectar as normas que se atopan na parada do autobús e na rúa en xeral. 	<p>B1-2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.</p> <p>B1-4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.</p> <p>B1-5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula, amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1-6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas cos intercambios comunicativos máis habituais.</p> <p>B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p> <p>B1-10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación da información das ilustracións. • Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. • Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. • Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva do texto narrativo <i>O vello farol</i>. • Lectura en silencio do texto con oracións formadas polas letras coñecidas. • Comprensión das ilustracións que acompañan o texto. • Identificación de lugares, personaxes e detalles relacionados co conto. • Valoración do conto e do significado das ilustracións que o acompañan. • Ampliación de vocabulario polo contexto da lectura. • Lectura comprensiva e expresiva do texto dialogado <i>Buscando a casa dos avós</i>. • Descodificación de palabras con letras compostas. • Interpretación de sinais da rúa. • Lectura expresiva de textos breves poñendo atención á pronuncia, ao ritmo e á entoación. 	<p>B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p> <p>B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p> <p>B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respecto polas convencións xerais da escrita: uso de maiúsculas e punto. • Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. • Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión. • Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. • Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • As letras <i>b, v, z</i> e <i>x</i>. • Exercicio da caligrafía: <i>b, v, z</i> e <i>x</i> • Copia e escritura de sílabas e palabras coas letras traballadas. • Ortografía natural: palabras con <i>za, ce, ci, zo, zu</i>. • Ditados coas palabras coñecidas que conteñen as letras traballadas na unidade, respectando a separación entre palabras e realizando correctamente os enlaces entre as letras. • Previsión da extensión das palabras e das oracións. • Construción de oracións escollendo as palabras axeitadas ao contexto. • Construción de palabras ordenando os seus elementos constitutivos. • Escritura de enunciados informativos en sinais. • Escritura do texto equivalente á interpretación dun sinal da rúa. • Presentación de traballos con limpeza, claridade e orde. 	<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p> <p>B3-3. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p> <p>B3-5. Utilizar recursos gráficos como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</p> <p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Inicio na identificación implícita e uso de algúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba e nome propio. • Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. • Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. • Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. • Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os adxectivos. • Asociación de grafema/fonema. • Discriminación do son do R forte e do R suave • Asociación de grafema/fonema. • Ortografía natural do son Z. • Realización de ditados con palabras que conteñen as letras <i>b</i>, <i>v</i>, <i>z</i>, <i>c</i> e <i>x</i>. • Diferenzas na correspondencia fonema/grafema en galego e castelán para a letrax. • Ordenación de sílabas para formar palabras e de palabras para formar oracións. • Resolución de adiviñas. • Fixación de termos correctos en galega con palabras usuais nas que adoitan producirse interferencias lingüísticas. 	<p>B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p>B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p> <p>B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p> <p>B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>
<p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. • Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura da adaptación dun conto clásico. • Recoñecemento de elementos propios do conto fantástico. • Lectura expresiva dun texto dialogado poñendo atención ao ritmo e á entoación. 	<p>B5-2. Ler de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal.</p>

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	B1-2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	<ul style="list-style-type: none"> • Responde correctamente as preguntas de comprensión literal sobre un texto oral e identifica un dato mencionado na conversa entre dous personaxes. 	CL CD
B1-4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.	B1-4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita activamente as intervencións dos interlocutores. 	CL
B1-5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<p>B1-5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais</p> <p>B1-5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>B1-5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expressa as súas preferencias e experiencias sobre as viaxes. • Participa nas conversas e os diálogos respondendo as preguntas persoais formuladas. • Pide e respecta a quenda de palabra. • Responde correctamente as preguntas de comprensión literal sobre un texto oral. • Axusta as súas intervencións ao tema utilizando vocabulario axeitado. 	CL CSC
B1-6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas cos intercambios comunicativos máis habituais.	B1-6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	<ul style="list-style-type: none"> • Propón fórmulas sobre como preguntar polo enderezo dunha rúa. 	CL
B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas	B1-8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica palabras que conteñen R forte nunha audición. • Utiliza o ton de voz axeitado e unha pronuncia correcta nas súas intervencións. 	CL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B1-10. Identificar a lingua galega en diversos contextos de uso oral.</p>	<p>B1-10.2. Recoñece a posibilidade de usos da lingua galega en conversas con persoas coñecidas e descoñecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explica situacións fóra da aula en que emprega a lingua galega. 	<p>CL CSC</p>

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	B2-1.1. Interpreta e comprende de maneira xeral, a información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> • Capta o significado das ilustracións que acompañan os textos. • Interpreta o significado das imaxes de sinais que se atopan na rúa. 	CL
B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<p>B2-3.1. Descodifica de forma adecuada na lectura de texto moi sinxelos.</p> <p>B2-3.2. Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le con entoación e ritmo correctos o texto narrativo <i>O vello farol</i> e o texto dialogado <i>Buscando a casa dos avós</i>. • Localiza no texto <i>Buscando a casa dos avós</i> información que dá resposta ás preguntas formuladas. • Recoñece enunciados verdadeiros que responden ao contido do texto • Le en silencio e en voz alta palabras, frases, oracións e textos formados con letras coñecidas. • Capta o sentido global dun texto que leu en voz alta e amplía o vocabulario deducindo o significado polo contexto da lectura. 	CL AA
B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	B2-6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • Le por iniciativa propia textos do ámbito escolar e social e palabras con outras tipoloxías. 	CL IE
B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	B2-7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a historia presentada no conto <i>O vello farol</i> e opina sobre o seu argumento. 	CL CSC

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	<p>B3-1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.</p> <p>B3-1.3. Usa o punto nos seus escritos.</p> <p>B3-1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe de maneira creativa o significado dun sinal. • Escribe os enunciados axeitados a un indicador da rúa. • Usa maiúscula inicial no comezo das oracións e pon o punto final. • Copia coa súa letra palabras presentadas con tipografías de letra non ligada. • Escribe a solución para unha adiviña. • Escribe de forma libre o nome dunha rúa. 	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p>
B3-3. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	B3-3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal.	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora sinais para a aula ou para outros espazos do recinto escolar. 	CL
B3-5. Utilizar recursos gráficos como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	B3-5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	<ul style="list-style-type: none"> • Acompaña un texto dunha ilustración axeitada ao contido. 	CL
B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	<p>B3-6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade tipográfica.</p> <p>B3-6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Enlaza corretamente as letras e separa proporcionalmente as palabras das oracións. • Mostra interese na revisión e corrección de textos e corrixe os erros detectados. • Adecúase ao espazo de que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras. • Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde. 	CL

BLOQUE 4. COÑECEMENTODALINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>B4-1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece neles, de forma xeral, palabras e sílabas.</p> <p>B4-5.2. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e distingue, polo uso, os adxectivos. • Aplica adxectivos axeitados á concordancia co substantivo. 	<p>CL AA</p>
<p>B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>B4-2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza z ou c segundo o contexto silábico para representar o son Z. • Recoñece o son palatal da grafía x como característico do galego. 	<p>CL</p>
<p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. • Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e aplicación sobre a organización do traballo). • Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. • Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto polas normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). 	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambio de experiencias sobre os museos e sobre o interese por aprender cousas novas. • Ampliación do vocabulario relacionado cos museos, as persoas que traballan neles, os diferentes tipos de museo, etc. • Participación activa nas conversas da aula para expresar experiencias e opinións. • Resposta a preguntas sobre as situacións da lámina. • Escoita atenta dun guía do museo para ordenar o itinerario da visita. • Localización na lámina e interpretación de carteis informativos. • Formulación de preguntas ao guía do museo para obter información. • Discriminación de palabras que teñen grafía x con son KS. • Respeto e valoración dos outros, das súas opinións e dos seus gustos. • Expresión de desexos relacionados coa aprendizaxe e co futuro. 	<p>B1-2.Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.</p> <p>B1-3.Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p> <p>B1-4.Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.</p> <p>B1-5.Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación da información das ilustracións. • Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. • Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. • Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. • Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e ao centro, como instrumento de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva e expresiva do conto <i>A nena que foi á Lúa</i>. • Comprensión das ilustracións que acompañan o texto. • Actividades de comprensión do texto: identificación de personaxes, actitudes e secuencia. • Ampliación de vocabulario recorrendo ao contexto da lectura. • Identificación de verbos sinónimos. • Lectura comprensiva e dramatizada dos texto dialogado <i>Que lonxe...</i> • Lectura comprensiva e expresiva do poema <i>O chifre</i>. • Escolla de lecturas ao longo do trimestre para gozo persoal. 	<p>B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p> <p>B2-3. Ler de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B2-4. Usar as bibliotecas da aula e do centro, respectando as normas básicas de funcionamento.</p> <p>B2-6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p> <p>B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais). • Respecto polas convencións xerais da escrita: uso de maiúsculas e punto. • Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. • Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio de caligrafía en pauta dobre. • Ditado preparado con contidos ortográficos da unidade (uso do signo de interrogación) e poñendo atención aos enlaces das letras e á separación de palabras. • Escritura de oracións practicando as estruturas traballadas. • Previsión da dimensión das letras en palabras e oracións utilizando a pauta dobre. • Escritura dunha secuencia. • Interpretación do plano sinxelo da planta dun museo. • Escritura, con axuda das ilustracións e dos marcadores textuais de tempo dunha visita a un museo. • Presentación de traballos con limpeza, claridade e orde. • Escritura libre: explicar que museo lle gustaría visitar. 	<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p> <p>B3-3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p> <p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba e nome propio. • Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. • Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. • Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. • Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada 	<ul style="list-style-type: none"> • O predicado nominal. • Identificación do predicado nominal a partir das preguntas <i>Como é? Como son?</i> • Función do signo de interrogación. • Discriminación dos sons da grafía x. 	<p>B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p>B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p> <p>B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p> <p>B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>
<p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. • Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura dunha adaptación dun conto. • Análise de elementos fantásticos e realistas do conto. • Dramatización dunha escena relacionada co conto do texto dialogado <i>Que lonxe...</i> • Recitación expresiva do texto poético <i>O chifre</i>. • Interpretación de onomatopeas no poema. 	<p>B5-2. Ler de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal.</p>

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	B1-2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	<ul style="list-style-type: none"> • Responde correctamente as preguntas de comprensión literal sobre un texto oral. • Recoñece datos non explícitos e relaciona o argumento dos textos escoitados coas propias experiencias. • Comprende o sentido global da explicación do guía do museo e ordena o itinerario da visita. 	CL CD CSC CMCT
B1-3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	B1-3.1. Participar nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e respondendo se é preciso.	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas conversas sobre os museos, as persoas que traballan nel, os tipos de museos, a importancia de aprender, etc. • Localiza as indicacións do plano do museo no escenario. • Formula preguntas ao guía do museo axeitadas. 	CL AA CMCT IE
B1-4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.	B1-4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	<ul style="list-style-type: none"> • Escoita activamente as intervencións dos interlocutores respectando os sentimentos e as opinións dos compañeiros. 	CL
B1-5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral	<p>B1-5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais</p> <p>B1-5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>B1-5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a quenda de palabra e as normas e fórmulas de cortesía nas intervencións • Expresa a súa opinión sobre comportamentos correctos coa axuda de preguntas. • Axusta as súas intervencións ao tema utilizando un vocabulario axeitado. 	CL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B1-8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>B1-8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e a entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza un ton de voz adecuado e a pronuncia correcta e utiliza xestos axeitados ao discurso. • Discrimina o son KS do x en palabras presentadas na audición. 	<p>CL</p>

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	B2-1.1. Interpreta e comprende de maneira xeral, a información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> Fai hipóteses de lectura antes de ler, a partir do título e das ilustracións. Comprende o contido do conto <i>A nena que foi á Lúa</i>, coa axuda das ilustracións. 	CL
B2-3. Ler de forma guiada textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<p>B2-3.1. Descodifica de forma adecuada na lectura de texto moi sinxelos.</p> <p>B2-3.2. Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Le con entoación e ritmo correctos o conto <i>A nena que foi á Lúa</i> e o texto dialogado <i>Que lonxe...</i> Responde preguntas relacionadas coa comprensión global do texto Recoñece as oracións da secuencia de acontecementos. Explica o final do conto. Identifica o termo sinónimo dun verbo entre outros verbos. Le con entoación e ritmo o poema <i>O chifre</i>. Interpreta palabras das lecturas, coa axuda do contexto e amplía o seu vocabulario. 	CL CMCT AA CEC
B2-4. Usar as bibliotecas da aula e do centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	B2-4.1 Utiliza as bibliotecas da aula e do centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> Selecciona lecturas ao longo do trimestre por gozo persoal. 	CL IE
B2-7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, e ser quen de expresar preferencias.	B2-7.2. Expressa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	<ul style="list-style-type: none"> Valora o contido do conto <i>A nena que foi á Lúa</i> e extrae unha reflexión sobre a historia. 	CL CSC

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p>	<p>B3-1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.</p> <p>B3-1.3. Usa o punto nos seus escritos.</p> <p>B3-1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p> <p>B3-1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe a caligrafía en pauta dobre poñendo atención á dimensión das letras. • Escribe un ditado, preparado previamente, poñendo atención á ortografía (uso do signo de interrogación), os enlaces das letras e a separación de palabras. • Ordena, escribe e completa unha secuencia de accións. • Formula preguntas por escrito. • Escribe de maneira libre, aplicando os coñecementos adquiridos, que tipo de museo lle gustaría visitar. 	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p>
<p>B3-3. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>B3-3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe, coa axuda dun modelo, o itinerario da visita ao museo seleccionando previamente a orde nun plano e empregando marcadores temporais. 	<p>CL</p> <p>AA</p>
<p>B3-6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>B3-6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade tipográfica.</p> <p>B3-6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde, trazando e enlazando correctamente as letras tanto minúsculas con maiúsculas. • Adecúase ao espazo de que dispón na pauta para escribir e respecta a separación entre palabras. • Mostra interese na revisión e corrección de textos e corrixe os erros detectados. 	<p>CL</p>

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B4-1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>B4-1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas.</p> <p>B4-1.2. Diferencia as sílabas que forman cada palabra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala o predicado de oracións atributivas. • Forma oracións atributivas atendendo á concordancia entre o suxeito e o atributo, e utiliza a forma verbal do verbo ser en singular ou plural segundo corresponda. • Identifica o suxeito da oración facendo a pregunta <i>Como é? Como son?</i> • Completa oracións cun atributo axeitado. 	<p>CL</p> <p>AA</p>
<p>B4-2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>B4-2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica a norma ortográfica do uso do signo de interrogación nas preguntas. 	<p>CL</p>
<p>B4-3. Recoñecer a relación entre son e grafía así coma as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>	<p>B4-3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>B4-3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Relaciona coa orde axeitada os elementos da oración e forma oracións coherentes. • Discrimina o son X do S e do KS e resolve correctamente a actividade da audición. 	<p>CL</p>
<p>B4-4. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>	<p>B4-3.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Compara formas léxicas en galego e en castelán a partir de termos traballados na unidade. • Mostra interese por superar as interferencias do castelán nas súas producións orais e escritas. 	<p>CL</p> <p>CSC</p>

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B5-2. Ler de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p>	<p>B5-2.1. Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</p> <p>B5-2.2. Le de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le un texto narrativo <i>A nena que foi á Lúa</i>, un texto dialogado <i>Que lonxe...</i> e un texto poético <i>O chifre</i> con expresividade, entoación e ritmos axeitados • Participa na dramatización do texto dialogado poñendo atención ao ton de voz, a entoación e a linguaxe non verbal. 	<p>CL CEC CMCT</p>
<p>B5-4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso e gozo persoal.</p>	<p>B5-4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa a súa opinión sobre os textos lidos e as historias que presentan. • Recoñece as palabras que riman no poema <i>O chifre</i>. • Identifica palabras que lembran a onomatopea do son do chifre no poema e asóciaos con efecto deste son. 	<p>CL CEC</p>

Programación de Ciencias sociales

1º curso de educación primaria

Curso 2021-2022

Temporalización

1º trimestre

Unidade 1	Esta é a miña familia!	20 setembro-29 outubro
Unidade 2	Coñecemos a localidade	2 novembro – 17 decembro

2º trimestre

Unidade 3	O aire e a auga	10 xaneiro – 18 febreiro
Unidade 4	Observamos a paisaxe	21 febreiro – 18 marzo

3º trimestre

Unidade 5	O Sol, a Terra e a Lúa	21 marzo – 29 abril
Unidade 6	Como pasa o tempo!	2 maio- 17 xuño

UNIDADE 1. Esta é a miña familia!

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais. • Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusións. • Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas. • Técnicas de traballo intelectual. • Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo. • Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> • A casa. • Interpretación de imaxes sobre diferentes tipos de casas. • Lectura e comprensión do texto <i>Casas do mundo</i>. • As tarefas do fogar. • Recoñecemento de tarefas do fogar. • Procura de información sobre as casas do mundo. • Interese por recoñecer as formas de vida doutros lugares. • A mudanza. • Interpretación de ilustracións sobre unha mudanza. • A familia. • Interpretación de ilustracións sobre familias. • Creación dunha árbore xenealóxica. • Realización do debuxo da súa familia. • Respecto polos membros da súa familia. • Uso preciso do vocabulario sobre a casa e a familia. 	<p>B1-1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p> <p>B1-3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.</p> <p>B1-4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.</p> <p>B1-6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.</p> <p>B1-9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cartografía. Planos e mapas. Escalas. 	<ul style="list-style-type: none"> • O plano dunha casa. • Os cuartos da casa. • Identificación nun plano dos espazos dunha casa. • Interpretación de símbolos do plano dunha casa. • Elaboración dun plano dunha casa. 	<p>B2-6. Describir correctamente planos e mapas interpretando a súa escala e signos convencionais.</p>
<p>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • As actividades económicas e os sectores de produción de España e Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> • O sector secundario: a construción. • Os profesionais relacionados coa construción dunha casa. • Identificación de profesións relacionadas coa construción dunha casa. • Diferenciación de profesións relacionadas con distintos sectores económicos. 	<p>B3-10. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos e describir as características destes, recoñecendo as principais actividades económicas de España e de Europa.</p>
<p>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO</p> <ul style="list-style-type: none"> • As Idades da Historia: Duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. As liñas do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> • O paso do tempo na familia. • Identificación do paso do tempo nunha familia. • Ordenación de imaxes da mesma familia en diferentes momentos. • Explicación dos cambios que se producen co paso do tempo nunha familia. 	<p>B4-2. Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.</p>

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	B1-1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca, selecciona e organiza a información relevante sobre a casa e a familia, que obtén utilizando diferentes fontes, como imaxes, planos e textos. • Analiza información sobre a casa e a familia e chega a conclusións. • Reflexiona sobre o proceso de tratamento da información e comunícao oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Realiza rexistros de datos do medio apoiándose en gráficos, esquemas, táboas, etc. 	AA
B1-3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	B1-3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza con precisión o vocabulario adquirido na unidade sobre a casa e a familia para realizar os seus traballos da clase. 	CL
	B1-3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica oralmente, de forma clara e ordenada, os contidos de imaxes e textos sobre a familia e as casas, que poñen de manifesto a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	
B1-4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente coma de maneira colaborativa dentro dun equipo.	B1-4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza un traballo de investigación sinxelo e expono de forma individual: compara a casa en que vive con outras vivendas, interpreta símbolos, relaciónaos co que representan, e completa o plano dunha casa. 	CL AA IE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	B1-6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta respecto polos compañeiros e polas persoas que o rodean e exprésao nun debuxo. 	CSC
B1-9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	B1-9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na planificación e execución de tarefas como a elaboración dunha árbore xenealóxica da súa familia. • Elabora documentos sinxelos sobre temas do seu medio con intención comunicativa: a árbore xenealóxica da súa familia, intentando reflectir nela os coñecementos que adquiriu. • Demostra iniciativa na toma de decisións. 	IE

BLOQUE 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-6. Describir correctamente planos e mapas interpretando a súa escala e signos convencionais.	B2-6.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e utiliza e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e explica representacións gráficas de espazos coñecidos: completa o plano dunha casa con imaxes da representación de cada unha das estancias e interpreta os seus símbolos. 	CL CMCT

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-10. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos e describir as características destes, recoñecendo as principais actividades económicas de España e de Europa.	B3-10.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e describe as diferentes profesións e tarefas que realizan as persoas nos medios máis próximos (colexio, barrio, localidade). 	CSC

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B4-2. Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	B4-2.2. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	<ul style="list-style-type: none"> • Ordena imaxes da familia respectando a secuencia temporal dos feitos que representan. • Explica os cambios que se producen co paso do tempo nunha familia. • Identifica características que indican o paso do tempo en membros dunha familia. • Ordena casas segundo a antigüidade. 	AA

UNIDADE 2. Coñecemos a localidade

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais. • Recollida e información do tema que se vai tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). • Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusións. • Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. • Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas. • Técnicas de traballo intelectual. • Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora. • Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante. 	<ul style="list-style-type: none"> • As localidades. • As lembranzas do pasado. • Lectura sobre os recordos do pasado para identificar monumentos nas localidades. • Lectura e comprensión do texto <i>Recordos do pasado</i>. • Procura de información sobre monumentos da propia localidade. • Utilización das novas tecnoloxías para investigar sobre monumentos históricos da súa localidade. • Interpretación de información obtida de ilustracións sobre diferentes localidades. • Comprensión de imaxes e explicación dos datos obtidos oralmente ou por escrito. • Escritura do nome da súa localidade. • Reelaboración da información adquirida na unidade para completar un resumo dos contidos desta. • Recoñecemento das necesidades da súa localidade. • Debate sobre como mellorar a súa localidade. • Valoración dos monumentos. 	<p>B1-1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p> <p>B1-2. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.</p> <p>B1-3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.</p> <p>B1-4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.</p> <p>B1-9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os problemas da contaminación. • O cambio climático: Causas e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • O tráfico na cidade. • A contaminación. • Identificación dos problemas que xera o tráfico na cidade. • Diferenciación de solucións a distintos problemas. • Reflexión sobre a conservación da natureza. 	<p>B2-17. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sustentable dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sustentable da humanidade, especificando os seus efectos positivos.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación. Representación gráfica. • Poboación de España: distribución e evolución. Os movementos migratorios. • As actividades produtivas: Recursos naturais, materias primas. • Produtos elaborados. Artesanía e industria. As formas de produción. • As actividades económicas e os sectores de produción en España e en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> • As aldeas, as vilas e as cidades. • Diferenciación das características de aldeas, vilas e cidades. • A localidade na que vive. • Descrición da súa localidade. • Clasificación de localidades en aldeas, vilas e cidades. • As profesións relacionadas coa natureza. • Os produtos resultantes de actividades económicas relacionadas coa natureza. • O proceso de produción dun produto. • Identificación e recoñecemento de profesións relacionadas coa natureza. • Recoñecemento de produtos obtidos da natureza. • Ordenación do proceso produtivo dun produto elaborado. • Clasificación de actividades económicas pola súa relación co sector do comercio. 	<p>B3-4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español, respectando as diferenzas.</p> <p>B3-6. Comprender os principais conceptos demográficos e a súa relación cos factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais.</p> <p>B3-9. Explicar as diferenzas entre as materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.</p> <p>B3-10. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes, recoñecendo as principais actividades económicas de España e de Europa.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO</p> <ul style="list-style-type: none"> • O tempo histórico e a súa medida. • As fontes históricas e a súa clasificación. • As Idades da Historia: Duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. As liñas do tempo. • O noso Patrimonio histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • O paso do tempo nas localidades. • Identificación de aspectos que denoten o paso do tempo nunha localidade. • Os monumentos históricos de España e de Galicia. • Valoración e conservación dos monumentos históricos das localidades de España e de Galicia. • Interese polo coñecemento e a conservación do patrimonio cultural. 	<p>B4-2. Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.</p> <p>B4-5. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e se aprende mostrando unha actitude de respecto ao seu medio e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	B1-1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca, selecciona e organiza a información relevante sobre as características e os problemas de aldeas, vilas e cidades, que obtén utilizando diferentes fontes, como imaxes, planos e textos. • Analiza información e chega a conclusións. • Reflexiona sobre o proceso de tratamento da información e comunícaa oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Realiza rexistros de datos do medio apoiándose en gráficos, esquemas, táboas, etc. 	AA
B1-2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.	B1-2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza as tecnoloxías da información, baixo a supervisión dun adulto, para investigar sobre os monumentos da súa localidade. • Recoñece varios medios de comunicación e información e identifica a súa utilidade. • Valora o uso do ordenador na elaboración dos seus traballos. 	CD
B1-3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	B1-3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza con precisión o vocabulario adquirido sobre a localidade e os seus tipos: aldeas, vilas e cidades, para participar en debates sobre a localidade. 	CL
	B1-3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica oralmente, de forma clara e ordenada, os contidos, as imaxes e os textos sobre aldeas, vilas e cidades e os seus monumentos, que poñen de manifesto a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B1-4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.</p>	<p>B1-4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñen a procura, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza un traballo de investigación para detectar as necesidades da súa localidade, identificar e propoñer solucións, e expono de forma individual ou en grupo. 	<p>CL AA IE</p>
<p>B1-9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.</p>	<p>B1-9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas. • Elabora documentos sinxelos sobre temas da súa localidade con intención comunicativa, intentando reflectir neles os coñecementos que adquiriu. • Demostra iniciativa propoñendo solucións para mellorar a súa localidade. 	<p>IE</p>

BLOQUE 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B2-17. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sustentable dos recursos naturais e propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sustentable da humanidade, especificando os seus efectos positivos.</p>	<p>B2-17.1. Explica o uso sustentable dos recursos naturais propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexiona sobre a conservación da natureza e explica como utilizar os recursos naturais de maneira racional para evitar os problemas de contaminación. • Identifica situacións concretas que alteran o equilibrio do medio natural, como o tráfico, e propón accións para solucionarlas ou evitalas. • Interpreta consellos para o coidado e a mellora das condicións ambientais do noso planeta e ponos en práctica. 	<p>CMCT CSC</p>

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español, respectando as diferenzas.</p>	<p>B3-4.1. Valora, partindo da realidade do Estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valora e respecta a pluralidade e diversidade cultural das persoas. • Recoñece e aprecia a importancia das manifestacións culturais e participa nas tradicións do seu medio. • Valora a diversidade de lugares en que se desenvolve a vida das persoas: aldeas, vilas e cidades. 	<p>CSC</p>
<p>B3-6. Comprender os principais conceptos demográficos e a súa relación cos factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais.</p>	<p>B3-6.2. Define a poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nela, e precisaos correctamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende que é unha localidade e describe as características básicas da súa localidade. • Recoñece e describe as características principais de aldeas, vilas e cidades e dos seus habitantes. • Define que é a poboación dunha localidade e destaca trazos básicos das poboacións de aldeas, vilas e cidades. • Agrupa localidades coas mesmas características e explica esa agrupación. 	<p>CL CSC</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-9. Explicar as diferenzas entre as materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.</p>	<p>B3-9.1. Identifica e define materias primas e produtos elaborados e asóciaos coas actividades nas que se obteñen.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece produtos que se obteñen de actividades económicas relacionadas co sector primario. • Identifica profesións relacionadas coa obtención de materias primas e produtos naturais. <p>Relaciona diferentes produtos co tipo de medio no que se obteñen.</p>	<p>CL CMCT CSC</p>
	<p>B3-9.2. Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda, e identifica os sectores aos que pertence.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ordena as fases do proceso de obtención dun coche, explicando as transformacións que se producen desde a orixe ata a súa venda. • Relaciona as tarefas propias do proceso produtivo coas profesións correspondentes. 	<p>CL CMCT CSC</p>
<p>B3-15. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.</p>	<p>B3-15.2. Coñece o significado dalgúns sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalos e utilízalos tanto como peón como cando é usuario de medios de transporte (abrochar o cinto, non molestar o condutor...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e interpreta os sinais de tráfico e diferénciaos dos símbolos relacionados co uso adecuado dos medios de transporte. • Respecta as normas de circulación como peón e como usuario dos medios de transporte. • Identifica os símbolos do interior dun autobús e explica as normas de comportamento que hai que observar ao utilízalos. 	<p>CL CSC IE</p>

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B4-2. Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.</p>	<p>B4-2.2. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ordena imaxes respectando a secuencia temporal dos feitos que representan. • Explica os cambios que se producen co paso do tempo. • Identifica características que indican o paso do tempo para diferenciar medios de transporte antigos e modernos. • Ordena medios de comunicación e medios de transporte segundo a súa antigüidade. 	<p>AA</p>
<p>B4-5. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e se aprende, mostrando unha actitude de respecto ao seu medio e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>	<p>B4-5.2. Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece medios de transporte antigos e considéraos como parte da herdanza cultural que hai que coñecer e preservar. 	<p>CEC</p>

Programación de Ciencias da natureza
1º curso de educación primaria
Curso 2019-2020

Temporalización

1º trimestre

Unidade 1	O noso corpo	20 setembro – 29 outubro
Unidade 2	Coidamos a nosa saúde	2 novembro- 17 decembro

2º trimestre

Unidade 3	Observamos a natureza	10 xaneiro – 25 febreiro
Unidade 4	Gústannos os animais	3 marzo – 29 abril

3º trimestre

Unidade 5	Coñecemos o que nos rodea	2 ao 27 maio
Unidade 6	A toda máquina!	30 maio – 17 xuño

UNIDADE 1. *O noso corpo*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aproximación experimental a algunhas cuestións. • Lectura de textos propios da área. <p>Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelos para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Comunicación oral e escrita de información recollida de textos e imaxes simples para demostrar a súa comprensión. • Manifestación de certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas. • Utilización do vocabulario adquirido nas súas exposicións e traballos da clase. • Realización de pequenos proxectos de investigación, reflexión e obtención de datos. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren de forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.</p> <p>B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano e o seu funcionamento. Anatomía e fisioloxía. Aparellos e sistemas. • As funcións vitais na especie humana: función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparello locomotor). • Saúde e enfermidade. • Coñecemento de si mesmo. A identidade e a autonomía persoal. A relación cos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • As partes da cara e as súas expresións. • As principais partes do corpo: cabeza, tronco e extremidades (articulacións). • A lateralidade: man esquerda e dereita. • Recoñecemento, localización e descrición das partes do corpo máis representativas. • Identificación das principais articulacións do corpo e explicación da súa función motora. • Relación de cada sentido coa parte do corpo que lle corresponde e as súas funcións en distintas situacións cotiás. • Identificación de emocións segundo diferentes expresións faciais. • Clasificación de obxectos atendendo a varias características perceptibles polos cinco sentidos. • Aprecio e respecto polas igualdades e as diferenzas entre as persoas. • Valoración do esforzo e do afán de superación que teñen as persoas que padecen algunha discapacidade sensitiva. • Interese por seleccionar a vestimenta adecuada tendo en conta o tempo atmosférico e as diferentes actividades que se van realizar. 	<p>B2-1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.</p> <p>B2-2. Coñecer o funcionamento do corpo humano, en canto a células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados, etc.</p> <p>B2-3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p>

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.	B1-1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder preguntas. 	CL AA
B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren de forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.	B1-2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	IE
B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias presentándoos con apoios gráficos.	B1-3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza o vocabulario adquirido sobre o corpo humano nas súas exposicións e traballos da clase. 	CL
	B1-3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa unidade, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	
B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.	B1-5.2. Realiza un proxecto, traballando de forma individual ou en equipo e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con distintos medios e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza pequenos proxectos sobre a roupa adecuada segundo a actividade realizada, seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. 	CL CMCT AA IE CD

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	B2-1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, aparello locomotor).	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e nomea as principais partes do corpo, así como as principais articulacións e os seus movementos; identifica os órganos dos sentidos e relaciónaos coa parte do corpo na que se encontran. 	CMCT
B2-2. Coñecer o funcionamento do corpo humano, en canto a células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados, etc.	B2-2.1. Identifica as principais características das funcións vitais do ser humano.	<ul style="list-style-type: none"> Describe as funcións dos órganos dos sentidos e das principais articulacións e localiza as partes do corpo humano e da cara; explica as informacións que proporcionan os sentidos sobre o medio. 	CL CMCT
B2-3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	B2-3.3. Identifica e adopta hábitos de hixiene, cuidado e descanso.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a necesidade de cuidado do corpo humano para sentirse saudable. 	CMCT CSC IE
	B2-3.8. Identifica emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece as súas propias emocións e as dos demais; é capaz de poñerse no lugar dos compañeiros, comprender a súa situación e sentir empatía con eles. 	
	B2-3.12. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e desenvolve iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	<ul style="list-style-type: none"> Adquire progresiva autonomía na toma de decisións e realiza as tarefas de forma reflexiva e con iniciativa. 	

UNIDADE 2. *Coidamos a nosa saúde*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación á actividade científica. • Aproximación experimental a algunhas cuestións. • Lectura de textos propios da área. • Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro. • Técnicas de estudo e traballo. Desenvolvemento de hábitos de traballo. Esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, análise e utilización de documentos escritos e imaxes. • Lectura e comprensión de textos explicativos relacionados cos hábitos saudables para coidar o corpo. • Representación gráfica dun contido para demostrar a asimilación dun concepto, extraer datos e responder cuestións. • Emprego do vocabulario correspondente á unidade traballada nas súas exposicións e traballos da clase. • Exposición oral argumentada dunha serie de medidas orientadas á prevención dos accidentes producidos no ámbito escolar. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren de forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</p> <ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano e o seu funcionamento. Anatomía e fisioloxía. Aparellos e sistemas. • Hábitos saudables para previr enfermidades. A conduta responsable. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. • Coñecemento de si mesmo. A identidade e a autonomía persoal. A relación cos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os instrumentos médicos. • Os hábitos saudables: descanso, hixiene, alimentación e exercicio. • Os obxectos de aseo. • O coidado dos dentes. • A importancia de practicar deporte protexendo o noso corpo. • Identificación e descrición das principais rutinas e hábitos encamiñados a coidar o noso corpo e manter unha boa saúde. • Descrición dos hábitos saudables principais razoando sobre a necesidade do aseo persoal regular para sentirse san e previr riscos na saúde. • Definición das premisas máis significativas que ter en conta para levar a cabo unha dieta equilibrada. • Explicación dalgunhas medidas preventivas dirixidas a evitar os accidentes escolares. • Exposición dos distintos tipos de deporte e exercicios que se poden practicar para manter unha boa saúde. • Adquisición progresiva de autonomía, iniciativa e responsabilidade en tarefas cotiás relacionadas co coidado do corpo. 	<p>B2-3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento da capacidade para de recoñecer emocións alleas e poñerse na situación doutras persoas, apreciando o esforzo e a vontade que posúen os que teñen algunha discapacidade e realizan algún deporte. • Valoración da relevancia que ten o coidado adecuado da dentadura. 	

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.	B1-1.3. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> • Consulta documentos escritos e imaxes para ampliar a súa información sobre o tema tratado e completar as súas actividades. 	CL CMCT AA
B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren de forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.	B1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, e ten iniciativa na toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na execución de tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	IE
B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.	B1-3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza correctamente o vocabulario adquirido sobre o coidado do corpo, os hábitos saudables, tipos de deportes, etc. 	CL
	B1-3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> • Expón oralmente contidos relacionados coa unidade que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	B2-3.2. Identifica e valora hábitos saudables para previr enfermidades e mantén unha conduta responsable.	<ul style="list-style-type: none"> Valora a importancia de practicar algún deporte e mantén unha conduta responsable co seu propio corpo, protexéndoo se é necesario: xeonlleiras, casco, proteccións, etc. 	CMCT SC AA IE
	B2-3.3. Identifica e adopta hábitos de hixiene, coidado e descanso.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e practica diariamente hábitos saudables de hixiene, descanso, exercicio e alimentación. 	
	B2-3.4. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as características fundamentais para manter unha dieta equilibrada e sa, valorando especialmente o consumo de froitas. 	
	B2-3.8. Identifica emocións e sentimentos propios, dos compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.	<ul style="list-style-type: none"> Valora o esforzo que realizan persoas con algunha discapacidade facendo deporte. 	
	B2-3.12. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e desenvolve iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	<ul style="list-style-type: none"> Manifesta certa autonomía na execución das tarefas cotiás para coidar o corpo e manter unha boa saúde. 	

UNIDADE 5. *Observamos a natureza*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros). • Lectura de textos propios da área. • Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar, seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. • Traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, comprensión e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelos relacionados coas plantas: funcións vitais, partes das plantas e clasificación. • Interpretación, organización e relación de debuxos e fotografías para obter información sobre as plantas. • Explicación oral e escrita de contidos traballados na unidade. • Interpretación e reelaboración de informacións obtidas de diferentes fontes para responder cuestións, realizar actividades e elaborar pequenos proxectos. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.</p> <p>B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
----------	--------------------------------------

CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● As plantas: A estrutura e fisioloxía das plantas. ● As relacións entre os seres vivos. ● Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Luz, aire, auga e terra. ● As partes dunha planta. ● Grupos de plantas: plantas silvestres e plantas cultivadas. ● Interese, coidado e respecto polas plantas. ● A utilidade das plantas e os beneficios que nos proporcionan: alimentos, materiais e outros produtos. ● Descrición dos elementos que necesita unha planta para vivir. ● Definición e explicación do ciclo vital dunha planta. ● Clasificación das plantas atendendo ao grupo ao que pertencen: cultivadas ou silvestres. ● Identificación dos froitos de diferentes plantas. ● Clasificación e diferenciación de froitas e verduras. ● Interese por aprender contidos novos e investigar sobre eles. 	<p>B3-1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.</p> <p>B3-2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p>

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e os resultados.	B1-1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder preguntas, e comunica esa información oralmente e/ou por escrito. 	CL AA
B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.	B1-3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza o vocabulario adquirido sobre as plantas nas súas exposicións e traballos da clase. 	CL
	B1-3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Expón de forma clara e ordenada contidos que manifesten a comprensión dos textos orais ou escritos relacionados coa unidade. 	
B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.	B1-5.2. Realiza un proxecto, traballando de forma individual ou en equipo e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con distintos medios e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza pequenos proxectos de investigación e reflexión sobre a clasificación de froitas e verduras seguindo as fases de: identificación do obxectivo, planificación e elaboración. 	CL CMCT AA IE CD

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B3-1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.</p>	<p>B3-1.2. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, identificando as principais características e funcións de cada un deles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala as partes dunha planta. Explica o ciclo vital dunha planta e os elementos necesarios para realizar as súas funcións vitais. 	<p>CL CMCT</p>
<p>B3-2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p>	<p>B3-2.4. Observa directa e indirectamente, identifica características e clasifica plantas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as principais partes dunha planta e explica a diferenza entre plantas silvestres e cultivadas e os beneficios que as plantas lles proporcionan ás persoas. 	<p>CMCT</p>

UNIDADE 4. *Gústannos os animais*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan su coidado.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación á actividade científica. • Aproximación experimental a algunhas cuestións. • Lectura de textos propios da área. • Planificación de proxectos e presentación de informes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Obtención de información relacionada co hábitat dos animais, os produtos que nos proporcionan, animais en perigo de extinción, etc. • Clasificación, comparación e relación de imaxes para extraer, concluír datos e realizar as actividades. • Utilización correcta do vocabulario que aparece na unidade. • Expresión oral de contidos e xuízos de valor vinculados coa materia. • Elaboración autónoma dun pequeno proxecto buscando información nos medios que están ao seu alcance. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e os resultados.</p> <p>B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.</p> <p>B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Os seres vivos: Características, clasificación e tipos. Características e compoñentes dun ecosistema. Ecosistemas, pradaria, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos. Interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos. Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> O hábitat dos animais. Os animais salvaxes e os animais domésticos. Animais en perigo de desaparecer. Os mamíferos e as aves, os peixes, os anfibios e os réptiles. Identificación do hábitat de varios animais atendendo ás súas características. Diferenciación entre os animais domésticos e os salvaxes, definindo ambos os conceptos e relatando os produtos que nos proporcionan. Identificación dalgúns animais que se encontran en perigo de extinción, sendo consciente da repercusión en cadea que isto supón para o ecosistema. Distinción e descrición das características principais dos animais mamíferos, das aves, dos peixes, dos anfibios e dos réptiles identificando animais de cada grupo. Cofecemento de información xeral sobre os ornitorrincos. Valoración da importancia de protexer e respectar os animais e o hábitat no que viven asumindo, á súa vez, actitudes de responsabilidade ao coidar unha mascota. 	<p>B3-2.Cofecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p> <p>B3-3.Observa e identifica as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>B3-4.Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, mostrando interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos, e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas, e os resultados.	B1-1.3. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> • Consulta diferentes textos escritos e imaxes para obter información e realizar as actividades propostas. 	CL CMCT AA
B1-2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural coma sobre os que ocorren cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.	B1-2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta autonomía na planificación e execución de tarefas e ten iniciativa para expresar o seu punto de vista sobre temas propostos. 	IE
B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.	B1-3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza con precisión o vocabulario que aparece na unidade e realiza sinxelas definicións. 	CL
	B1-3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa oralmente contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos. 	
B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.	B1-5.2. Realiza un proxecto, traballando de forma individual ou en equipo e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios e comunicación de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.	<ul style="list-style-type: none"> • Investiga e busca información sobre os animais que viven na sabana e elabora unha redacción escrita relatándoo. 	CMCT AA

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e aos seus tipos.	B3-2.1. Observa e identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e describe as características principais dos seres vivos atendendo aos seus atributos físicos e á súa forma de alimentarse e reproducirse. 	CMCT
	B3-2.3. Observa, directa e indirectamente, identifica características e clasifica animais vertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe animais vertebrados atendendo ás súas características físicas; clasifica animais atendendo á súa alimentación e á súa forma de reprodución. 	
B3-3. Coñecer as características e compoñentes dun ecosistema.	B3-3.1. Identifica e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica as diferenzas existentes entre os animais domésticos e os animais salvaxes, e pon exemplos. 	CCT
	B3-3.2. Identifica e explica algunhas das causas da extinción de especies.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica varias especies de animais que están a punto de extinguirse. 	
	B3-3.5. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> • Determina o hábitat no que viven diferentes especies de animais, valorando o coidado e protección deste. 	
B3-4. Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, mostrando interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos, e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	B3-4.1. Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra condutas de respecto e coidado cara aos animais e, particularmente, de responsabilidade cos animais domésticos. 	CMCT

UNIDADE 5. *Coñecemos o que nos rodea*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros). • Lectura de textos propios da área. • Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar, seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. • Traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelos para completar as súas actividades e responder preguntas. • Comprensión e interpretación de debuxos e fotografías para identificar, describir e clasificar o contido do tema. • Interpretación de informacións obtidas de diferentes fontes para responder cuestións ou para levar a cabo actividades ou proxectos. • Utilización correcta e precisa do vocabulario que aparece na unidade. • Exposición oral e escrita de datos para manifestar a comprensión do contido da unidade. • Valoración da información recollida nun texto ou un enunciado e elaboración dun proxecto sinxelo. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.</p> <p>B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. A MATERIA E ENERXÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estudo e clasificación de algúns materiais polas súas propiedades. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade. • Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os materiais dos que están feitos os obxectos: cristal, madeira, plástico e metal. • Os contedores de reciclaxe e os seus residuos. • Identificación e diferenciación dos distintos tipos de materiais. • Clasificación dos materiais atendendo á súa orixe: animal, vexetal ou mineral. • Descrición das características dos materiais. • Observación e descrición dos cambios producidos na materia. • Definición da importancia de reutilizar e reciclar materiais para protexer o medio natural, e descrición dalgunhas das formas de facelo. • Asunción de compromisos para conservar os bosques e promover o aforro do papel. • Actitudes de uso e consumo responsables e de respecto polo medio natural. 	<p>B4-1.Estudar e clasificar materiais polas súas propiedades.</p> <p>B4-3.Cofecer leis básicas que rexen fenómenos, como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, ou o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e os resultados.	B1-1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder preguntas, e comunica esa información oralmente e/ou por escrito. 	CL AA
B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.	B1-3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza o vocabulario adquirido sobre os materiais nas súas exposicións e traballos da clase. 	CL
	B1-3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Expón de forma clara e ordenada contidos que manifesten a comprensión dos textos orais ou escritos relacionados coa unidade. 	
B1-4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	B1-4.4. Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa, en soporte papel e dixital.	<ul style="list-style-type: none"> Coida a limpeza e a claridade á hora de escribir e resolver as actividades. 	AA
B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.	B1-5.2. Realiza un proxecto, traballando de forma individual ou en equipo, e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con distintos medios e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza pequenos proxectos de investigación e reflexión sobre os obxectos e os materiais do medio seguindo as fases de: identificación do obxectivo, planificación e elaboración. 	CL CMCT AA IE CD

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B4-1. Estudar e clasificar materiais polas súas propiedades.</p>	<p>B4-1.1. Observa, identifica, describe e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, condutividade térmica).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e describe características dos materiais. Clasifica materiais segundo a súa orixe animal, vexetal ou mineral. Explica a importancia de reutilizar e reciclar materiais para protexer o medio natural e describe formas de facelo. Mostra actitudes de uso e consumo responsables. 	<p>CMCT CSC</p>
<p>B4-3. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos, como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, ou o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<p>B4-3.2. Coñece as leis básicas que rexen o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observa e describe cambios experimentados por materiais cando rompen ou cando se queiman. 	<p>CMCT</p>

UNIDADE 6. *A toda máquina*

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros). • Lectura de textos propios da área. • Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar, seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. • Traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelos para completar as actividades e responder preguntas. • Comprensión e interpretación de debuxos, gráficos e fotografías para identificar, describir e clasificar o contido do tema. • Interpretación e reelaboración de informacións obtidas de diferentes fontes para responder a cuestións ou para levar a cabo actividades ou proxectos. • Utilización correcta e precisa do vocabulario que aparece na unidade. • Exposición oral e escrita de datos para manifestar a comprensión do contido da unidade. • Emisión dun xuízo de valor tras a lectura dun texto ou un enunciado e elaboración dun proxecto sinxelo. 	<p>B1-1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>B1-3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.</p> <p>B1-5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</p> <ul style="list-style-type: none"> Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. 	<ul style="list-style-type: none"> A utilidade e o uso das máquinas. Tipos de máquinas e características. O funcionamento das máquinas. Identificación e descrición das partes e as pezas dunha máquina. Descrición dos usos cotiáns e os beneficios que as máquinas proporcionan na vida diaria das persoas. Discriminación entre máquinas simples e máquinas compostas, dando exemplos de cada grupo e explicando a súa función. Diferenciación entre as máquinas manuais e as automáticas, explicando como funciona cada unha. Procura de información sobre o que é a internet. Uso responsable e seguro das máquinas respectando as normas de seguridade. Interese e curiosidade polas novas tecnoloxías. Valoración do perigo que pode entrañar o uso dos aparellos eléctricos. 	<p>B5-1. Coñecer os principios básicos que rexen máquinas e aparellos.</p>

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
